

Actividade: II ANDAINA POR BUXÁN 2025

1. Datos xerais da actividade

- . Denominación: II ANDAINA POR BUXÁN 2025.
- . Descrición xeral: Andaina de carácter lúdico recreativo (non competitiva) no que ao longo dun percorrido de aproximadamente 11 Km. , durante os cales se poderá desfrutar da natureza, das vistas espectaculares e sobre todo da paisaxe da parroquia de Buxán .
- . Organizadores: ASOCIACIÓN CULTURAL SAN XOÁN DE BUXÁN.
- . Data: 27 de setembro de 2025.
- . Horario: 9:00h ata 12:30 h.
- . Localización e percorrido:
 - O punto principal da actividade sitúase na parroquia de Buxán, concretamente recorrendo as aldeas de Picadizo, Peracoba, Buxán, Xei, Espiñeira, Chisca e Piñeiro. Partindo do local social da Asociación, situado no Piñeiro (xunto a Igrexa de Buxán), realizando un percorrido circular subindo á aldea de Espiñeira, que se atopa a 410m sobre o nivel do mar, e rematando de novo no local social. (Ver Anexo I).
 - Avituallamento:
 - 1º) Km 4,5 : na aldea de Epiñeira.
 - 2º) Chegada: Local social da Asociación do Piñeiro.

2. Regulamento:

- . Artigo 1.- Organización
A Asociación Cultural San Xoán de Buxán organiza a “II Andaina por Buxán” o próximo 27 de setembro de 2025.
- . Artigo 2.- Persoas destinatarias
Maiores de 18 anos.
Aqueles/as participantes con idades comprendidas entre os 14 e os 18 anos poderán participar cunha autorización por escrito dos proxenitores. Os menores de 14 anos ademais do anterior deberán ir acompañados/as dun adulto.
Notas: Necesaria inscrición previa. As autorizacións dos proxenitores serán entregadas no momento de recoller os dorsais.
- . Artigo 3.- Inscricións e prazas
 - A inscrición é obrigatoria e poderá formalizarse en:
www.emesport.es/eventos
Correo: asocbuxan@hotmail.com
 - A actividade ten un custo de 10 euros, con límite de prazas de 500.
 - O prazo de inscrición remata o mércores 24 de setembro as 00.00 horas.
- . Artigo 4.- Andaina
 - A distancia será de 11 Km aproximadamente.
 - A andaina comezará as 9:00h e o punto de encontro para a saída será no Local Social de Buxán no Piñeiro (xunto a igrexa).
 - Reparto de dorsais a partir das 8:30h.
- . Artigo 5.- Información
 - Poderase atopar máis información en :
 - asocbuxan@hotmail.com
 - www.emesport.es/eventos

- . Artigo 6.- Normativa xeral e de seguridade
 - A organización resérvase o dereito de modificar datas ou percorridos, así como aprazar ou suspender a actividade por razóns de necesidades organizativas, de seguridade ou por incidencias meteorolóxicas, tales como alertas laranxa, valores do IRDI,...
 - A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes na actividade.
 - Recoméndase levar roupa e calzado axeitado para a práctica deportiva.
 - A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.
- . Artigo 7.- Dereitos de imaxe, uso de datos e autorizacións
 - A inscrición na actividade supón a aceptación das presentes bases.
 - As persoas inscritas declaran estar en bo estado físico e ter pasado os pertinentes recoñecementos de saúde, e deberán facer constar calquera incidencia médica (alerxias, atencións especiais...).
 - As persoas participantes autorizan e aceptan a publicación do seu nome e apelidos, así como a súa imaxe, nos documentos xerados para a xestión da actividade, listaxes de participantes, medios de comunicación e internet para a promoción do deporte.

3. Programa xeral sábado 27:

- . A partir das 8:30h: entrega de identificacións para os participantes no local da Asociación.
- . 9:00h aprox.: inicio andaina.
- . 12:30 h: remate aproximado da andaina.

4. Número máximo de participantes

Participación máxima de 500 persoas.

5. Seguro de Responsabilidade Civil

A Asociación Cultural San Xoán de Buxán, organizadora da actividade, dispón da necesaria póliza de responsabilidade civil.

6. Outras consideracións

- . A organización comprométese a utilizar cintas e balizas para sinalizar o percorrido que non causen dano algún ao medio.
- . As persoas participantes comprométense a non danar o medio e levar consigo o lixo que xeneren ou depositalo nos lugares acondicionados para tal.

Asociación Cultural San Xoán de Buxán (CIF: G70026034)

Buxán, a 29 de agosto de 2025.

ANEXO I

